

Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a promoción no bacharelato no réxime ordinario, dun curso incompleto do sistema educativo definido pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, a outro da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.

A Orde do 24 de xuño de 2008, pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa disposición transitoria terceira, establece as normas que deben aplicarse para a finalización dos estudos do alumnado que, iniciados segundo o establecido no Decreto 231/2002, do 6 de xuño, non os teñan superados na súa totalidade.

A Orde EDU/2395/2009, do 9 de setembro (BOE do 12 de setembro), establece as condicións de promoción e titulación do alumnado que, iniciados os estudos da etapa de bacharelato segundo a Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, non os teñan superados na súa totalidade.

Como consecuencia da publicación da norma básica mencionada no parágrafo anterior, determinados aspectos sobre a promoción e titulación do alumnado que a citada transitoria terceira establece para Galicia, quedan sen efecto. Por isto, e coa finalidade de unificar todas as actuacións relacionadas coa promoción e titulación do alumnado que non tivera superado o bacharelato definido pola Lei Orgánica 1/1990 na súa totalidade, esta Dirección Xeral dita as seguintes

INSTRUCCIÓNS:

1. O alumnado que, cursado 1º do bacharelato LOXSE, pase a 2º con materias pendentes de 1º, deberá recuperar unicamente as materias de 1º curso con avaliación negativa. Para a recuperación destas materias será de aplicación o currículo derivado da LOE.
2. O alumnado que, realizado 2º de bacharelato pola LOXSE, deba repetir curso, cursará unicamente as materias cursadas con cualificación negativa de 2º e , no seu caso, as materias cursadas con cualificación negativa de 1º. Para a recuperación destas materias será de aplicación o currículo derivado da LOE.
3. O alumnado que, tendo tres ou menos materias de 2º con avaliación negativa, podía formalizar a súa matrícula en todas as materias co obxecto de mellorar as notas segundo a normativa derivada da LOXSE, matricularase unicamente das materias con avaliación negativa.
4. Se as materias con avaliación negativa, tanto de 1º como de 2º curso, están contempladas no cadro adxunto, o alumnado deberá cursar e superar a materia correspondente do novo sistema.

Correspondencia entre materias do sistema que se extingue e materias do novo sistema	
<i>Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo</i>	<i>Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación</i>
Economía e organización de empresas Filosofía I Filosofía II Fundamentos do deseño Historia Historia da música Imaxe Materia optativa	Economía da empresa Filosofía e cidadanía Historia da filosofía Deseño Historia de España Historia da música e da danza Cultura audiovisual Materia optativa

5. O alumnado que se atope nalgunha das situacións contempladas nos puntos anteriores **poderá** substituír a materia optativa con avaliación negativa, tanto a de 1º como a de 2º curso. Así mesmo, **deberá** substituíla obrigatoriamente se a materia optativa suspensa non forma parte da organización do curso correspondente á nova ordenación do bacharelato.
6. O alumnado que cursou como materia propia de modalidade a Mecánica de 2º e ten avaliación negativa, deberá superala.
7. Ao alumnado que se atope nalgunha das situacións anteriormente contempladas, unha vez superadas todas as materias, obterá o título de bacharelato regulado na LOE.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2009

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

José Luis Mira Lema